

1. Aforos

A **Sala de fondos da Biblioteca** terá un aforo de 26 persoas, que se desglosan deste xeito:

§ nun máximo de 20 postos de traballo en mesas - en cada mesa elimínanse dous postos e os dous restantes colócanse en diagonal un ao outro para respectar a distancia social. Usaranse os postos que teñen unha cadeira e non será posible mover as cadeiras a outra posición na sala.

§ 2 postos informáticos de alumnado - elimínase o posto do medio

§ o posto da persoa de garda de biblioteca

§ ata tres persoas circulando pola zona de fondos bibliográficos

Este aforo deberá ser respectado tamén para a celebración de actividades de biblioteca, clubs de lectura etc.

O **Obradoiro da Biblioteca**, no fondo do corredor da ala sur, terá un aforo máximo de 20 persoas distribuídas en postos de traballo en mesas.

2. Acceso e circulación

Non será preciso un permiso previo para acceder á Sala de fondos da Biblioteca nin ao Obradoiro.

- O acceso á sala de fondos pola porta de acceso permite ao alumnado circular cara a dereita para acceder aos fondos bibliográficos, continuar cara os postos de traballo e regresar pola parede oposta, xerando un fluxo de circulación na sala no sentido marcado coas frechas e evitando encontrarse con persoas de fronte.
- O acceso ao obradoiro da biblioteca é a través dun longo corredor, que non permite distancia social se se atopa a alguén de fronte. Antes de acceder ao corredor é preciso comprobar que non hai ninguén circulando nel, en cuxo caso será preciso agardar ata que saia. O fluxo de circulación dentro da propia sala será igualmente no sentido marcado coas frechas.

3. Medidas de hixiene

O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia nas salas.

O alumnado deberá hixienizar o seu posto de traballo antes e despois do seu uso co produto en spray e os lenzos que se atopan á entrada das salas. Os lenzos desbótanse nas papeleiras covid.

4. Empréstitos no domicilio e na sala

O empréstito de libros ou outro material realizarase de xeito habitual **evitando o intercambio de material físico** entre persoas segundo estas instrucións:

- O alumnado accederá ao material nos estantes
- Intentará non tocar innecesariamente material e de ser o caso deixarao no mesmo sitio seguindo o código da sinatura de catalogación de materiais.
- O protocolo Covid da Xunta de Galicia para o curso 2021-2022 non prevé a carentena dos fondos prestados nin en sala nin en domicilio, polo que este proceso realizarase normalmente ou ben na caixa de devolucións ou ben achegándolle o volume á persoa bibliotecaria de garda.